



# DEFENDAMOS A SANIDADE PÚBLICA

## O PP PRIVATIZA A SANIDADE PÚBLICA GALEGA

Unha vez que entraron en crise outros nichos de negocio, como pode ser a construción, están abrindo novos escenarios de negocio para as empresas amigas, para a especulación, para os fondos de investimento.

A aposta ideolóxica do PP é pasar dunha sanidade pública e universal a unha sanidade para quen poida pagala e outra de beneficencia.

Están nunha carreira desenfreada cara ao deterioro e desmantelamento da sanidade pública en beneficio da privada. Están aplicando recortes en servizos e copagos que supoñen unha carga moi importante na economía da maioría da poboación, de moitas persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Unhas medidas que van significar o sacrificio e o sufrimento para moitas persoas. Unhas medidas que só podemos cualificar de indignas, inhumanas e inxustas.

O PP non está aforrando en sanidade, está facendo que sexan as persoas enfermas as que paguen.

Recortes, copagos, listas de espera, menos persoal, menos sanidade pública galega a cambio de negocio para @s amig@s.

**Este é o resultado das medidas de Feijóo.**

POR UNHA SANIDADE PÚBLICA, GALEGA,  
UNIVERSAL, GRATUÍTA E DE CALIDADE.  
NON PERMITAMOS QUE O PP NOLA ROUBE.

**ACUDE ÁS MOBILIZACIÓNS  
CONVOCADAS POLOS  
SINDICATOS DA SANIDADE  
PÚBLICA O DÍA 26.**

